

VIEIROS

Cartafol

Xestionado por [Héitor Mera](#)

Bernardino Graña: Protoevanxeo do neto de Herodes

O engado da literatura de calidade

Protoevanxeo do neto de Herodes

Bernardino Graña

La Voz de Galicia, A Coruña, 2005. 232 páxs., 10 ❖

Bernardino Graña, un clásico vivo das nosas letras, que cultiva todos os xéneros da literatura e non só a poesía (aí están o seu teatro ou mesmo as súas achegas á narrativa infantil e xuvenil) presenta agora unha novela histórica sobre a figura de Cristo, á luz dos evanxeos apócrifos e das tradicións non católicas sobre Xesús, que ten o engado da literatura de calidade debida a un autor consagrado.

- 22:31 26/04/2005

A novela recrea o nacemento e primeiros anos da infancia de Xesús, pero non a partir das tradicións dos evanxeos ortodoxos católicos, senón dos apócrifos e mesmo dos testemuños sobre Xesús doutras culturas distintas da cristiá. É un acerto a recorrencia por parte de Graña á técnica do manuscrito atopado, neste caso, adaptado aos tempos que corren, fita gravada polos relatos sobre Xesús do inmigrante que coida nenos, pero que en realidade é un filólogo na súa terra.

A novela presenta realmente como protagonista a parella Xosé-María, pero deseñados desde os apócrifos. Xosé é un carpinteiro de sona, gran profesional no seu e que gaña cantos cartos quere. Pero iso non lle impide ser un patriota xudeu que se opón á invasión de Roma. Xosé non comprende como, a cambio dun ilusorio e cativo progreso material, se poden abandonar o arameo ❖ lingua de seu do seu pobo❖, as tradicións de toda a vida, a propia cultura ❖ esmagada polos espectáculos de masas romanos coma as loitas de fêras ou gladiadores❖. Máis culpables ca os romanos invasores son os xudeus que pactan cos romanos, en troco, como dixemos, dun cativo e ata ilusorio progreso material, coma o propio rei Herodes, os saduceos, os mercadores, os sacerdotes e políticos corrompidos polo poder romano... Cando lemos esta interpretación da romanización de Xudea parece que estamos a ler o libro de Manolo Veiga *O pacto galego na construción de España*. Abonda con substituír Xudea por Galicia e Xosé-María por Rosalía-Murguía-Curros-Castelao... O poeta chega intuitiva e afectivamente á mesma tese que o sociólogo acadada pola vía da ciencia e dos datos estatísticos. Iso é literatura da boa.

Nestes tempos de galego de corrector ortográfico é de salientar a riqueza lingüística da obra. O que máis nos gustou desta novela non foi xa a riqueza do léxico, a enxebreza das locucións ou as fermosas metáforas e imaxes ou mesmo a adxectivación rica e sensual, senón o manexo adecuado da sintaxe, especialmente nos

diálogos. Os sacerdotes, os sabios, os dirixentes usan nos seus parlamentos unha sintaxe lenta, solemne, con abundancia de adxectivos, de comparacións, de complementos, incisos... A xente do pobo fala cunha sintaxe rápida, enxebre, de frases curtas, tallantes, mesmo asertivas, sobre todo cando expresa a súa clara oposición ao poder romano.

Estamos, evidentemente, ante unha gran novela histórica, pero actual. En plena globalización é un acerto o tratamento que o autor fai do Imperio romano como primeira gran maquinaria globalizadora no económico e no cultural, pero non con intención filantrópica, senón para espremer mellor os outros pobos. É unha novela galega, pero universal: o problema de Xudea, a resistencia de Xosé e os seus é xudía, galega, latinoamericana, africana... Son, en definitiva o asoballamento e a resistencia, tamén, de todos aqueles pobos e culturas ameazados por calquera imperialismo. Non nos temos que deixar engadar co suposto progreso que supón a integración nestes imperios a cambio da perda da lingua e da propia identidade.

Xa que logo, por galega, universal e ben escrita, hai que ler esta novela. Tamén viría ben que se traducise axiña a outras linguas e que os medios lle prestasen a atención que merece e que adoitan reservar para moitas parvadas que nos chegan da outra beira do Padornelo.